

EL 47

Marcel Barrena, 2024

1370

ESTREA EN NUMAX: 06.09.2024 | V.O. | +7 | 110 min

El 47 conta a historia dun acto de disidencia pacífica e o movemento veciñal de base que en 1978 transformou Barcelona e mudou a imaxe dos seus suburbios para sempre. O condutor Manolo Vital apoderouse do autobús da liña 47 para desmontar unha mentira que o Concello non paraba de repetir: os autobuses non podían subir as costas do distrito de Torre Baró. Un acto de rebeldía que demostrou ser un catalizador para o cambio, para que as persoas se sentisen orgullosas das súas raíces, dunha loita da veciñanza, da clase traballadora que axudou a crear a Barcelona moderna dos anos 70.

«Unha espléndida película que fala da loita veciñal como motor de cambio»

Blai Morell, FOTOGRAMAS



Entrevista con Eduard Fernández: «Resulta fermoso escoitar dúas linguas que conviven»

Por Jesús Ruiz Mantilla

Unha parada de autobús no centro de calquera cidade pode deberse a un trámite mecánico. Pero nalgún punto do arrabalde, quizais esconda detrás unha heroicidade chea de loitas, reivindicacións, teimosías, audacias, riscos e sacrificios. Unha parada de autobús nun lugar afastado pode chegar a converterse nunha historia de película. A trama perfecta cun heroe de barrio como protagonista e un elenco de verdadeiros guerreiros acompañándoo, como foi o caso de Manuel Vital e os habitantes de Torre Baró, en Barcelona. O director Marcel Barrena conta esta historia real en *El 47*, con Eduard Fernández no papel de Vital. Ningún dos dous —ambos nados en Barcelona, hai 42 e 59 anos respectivamente— subira nunca a Torre Baró, ese barrio que quedaba para eles, segundo entras en Barcelona pola autoestrada, á altura da cementeira. Grazas a este proxecto cinematográfico, ambos se converteron en bos aliados dos seus veciños, moitos deles inmortalizados nos planos dunha película que conta o que viviron aquel 7 de maio de 1978 e, sobre todo, antes.

A data do secuestro dun autobús foi un colofón tan xenial como estrambótico e desesperado. Pero a historia comeza 30 anos atrás: "É a peripecia dos emigrantes, dos que chegaron aquí e tiveron que abandonar os seus lugares, instalarse noutro e convertelo en propio. Son xente de Andalucía, Estremadura e Castela que tamén construíu Cataluña coas súas mans, unhas mans especiais, con moito callo, que merecen respecto e admiración por facelo e porque, ademais, non abandonaron o que ergueron", di Eduard Fernández.

Manuel Vital estaba aí para todo e desde o principio. Chegou de Valencia de Alcántara (Cáceres) en 1947 como un mozo sen futuro marcado por un pai republicano asasinado na Guerra e enterrado nunha foxa común. Organizouse cos veciños para librar a prohibición de derrubado de vivendas que construían coas súas propias mans e acabou sacando unha praza de condutor municipal. "Era entrañable e guerreiro. Un líder natural", lembra a súa neta Joana. Casou con Carmen Vila Olivé, unha monxa que ensinaba catalán aos emigrantes e colgou os hábitos para o matrimonio. Ela transmitiulle o idioma: "En casa falaban cada un os dous idiomas, non houbo ningún problema, conviviron con iso da maneira máis natural", di o seu descendente.

Na película, o bilingüismo eríxese como unha clave para desentrañar a historia en todos os seus niveis. Marcel Barrena espera que todo o mundo o saiba captar. Máis cando nesta película aborda a todo un personaxe que acaba abrazando os dous idiomas como propios. Fernández adestrou o acento extremeño, por unha banda, pero a alma do personaxe coñecía a fondo grazas ás súas orixes. "Sempre quixen facer un charnego, ao Pijoaparte de Juan Marsé, por exemplo, que me fascina. Os meus avós viñan de Burgos, Ciudad Real, Murcia e A Rioxa. Non teño nada de sangue de aquí, cero, esas cousas a min danme moi igual. Pero considérome catalán, de Barcelona e español... , pois, claro, tamén. En casa non falabamos catalán, senón castelán, e cando instauras unha lingua nun ámbito, cambiala resúltache moi difícil. Pero aprendíámolo moi ben fóra" (...) "Resulta fermoso escoitar dúas linguas que conviven", engade Fernández, "conforma unha dinámica que o converte en algo máis rico. Debemos resaltar como necesario e bo que neste país se falen moitos idiomas e é positivo que se mostre en lugares como o Congreso. Cataluña é bilingüe, pero un dos idiomas sufriu persecución durante décadas.